

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/7	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 12:35 ata as 13:10 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	NON
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***3018**	Mariano Abalo Costa	NON
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	NON
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA



Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 3 de febreiro de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 3 de febreiro de 2020.

Expediente 792/2020. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por F.A.T. na que demanda a instalación dun paso de peóns elevado na avenida de Lugo á altura do nº X.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto en data 10.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Que dita vía baixo a nomenclatura EP-1001, se trata dunha vía cuxa sinalización e ordenación compete á Deputación Provincial.

Con todo é o parecer dos axentes informantes, de que non procede a súa instalación, con base en que xa existe un paso de peóns regulado por semáforo ao comezo da devandita rúa e o seguinte mais próximo (sen regulación e sendo elevado), dista deste a escasos 200 metros, existindo beirarrúas practicables a ambos os dous lados que conectan devanditos pasos".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable emitido ao respecto pola policía local, acorda non aprobar a solicitude realizada polo Sr. A.T., para sinalización horizontal.

Expediente 798/2020. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.J.O.L., na que demanda a instalación dun paso de peóns na avenida de Ourense á altura do nº X.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto en data 10.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Que dita vía baixo a nomenclatura PO-551, se trata dunha vía cuxa sinalización e ordenación compete á Xunta de Galicia.

Con todo, é o parecer dos axentes informantes, de que non procede a súa instalación con base en que os pasos peonís mais próximos á localización desexada pola solicitante se atopan a 70 metros en sentido Cangas e 90 metros en sentido Moaña, existindo beirarrúas practicables a ambos os dous lados que conectan devanditos pasos".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable emitido ao respecto



pola policía local, acorda non aprobar a solicitude realizada pola Sra. Otero López, para sinalización horizontal.

Expediente 771/2020. Solicitude de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.P.B., na que demanda a reposición do espello en Monte San Antonio, nº X-Darbo.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 10.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Por parte da policía non existe inconveniente en que se repare o espello, pero por tratarse dunha entrada privada e non unha intersección de camiños (como se pode apreciar no informe fotográfico), corresponde ao interesado facerse cargo dos gastos da reposición do espello".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. P.B., para sinalización vertical, sempre e cando o interesado se faga cargo dos gastos da reposición do espello.

Expediente 763/2020. Solicitude de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por F.L.M., na que demanda a instalación de sinais para eliminar o tráfico de vehículos en rúa Fuente Ferreira.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 10.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Que na actualidade non se pode acceder cun turismo pola rúa do Hío, dada a súa estreiteza nin pola Avda. de Moaña, ao existir elementos de ornato público (maceteiros) que delimitan o tráfico rodado pero nada impide que circulen ciclomotores ou motocicletas.

Que por iso e por parte da Policía Local non existe inconveniente en acceder ao solicitado. Que é o parecer dos axentes que a sinalización mais adecuada para iso sería a R-100, de circulación prohibida sita tanto ao acceso desde a rúa do Hío e Avda. de Moaña".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. L.M., para sinalización vertical.

Expediente 633/2020. Solicitude de sinalización vertical



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por C.B.H., na que demanda a instalación de un espello na curva da rúa Outeiro á altura do nº X en Coiro (rúa Agrela X), para mellorar a visibilidade e reducir o risco de accidentes.</p> <p>Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 10.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:</p> <p><i>"Que por parte dos axentes, ao tratarse dunha saída dun camiño de uso privado non existe inconveniente en conceder o solicitado, a condición de que o interesado se faga cargo das custos de adquisición, colocación e mantemento deste".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. B.H., para sinalización vertical, sendo o interesado o que se faga cargo da súa adquisición, colocación e mantemento.</p>	

Expediente 777/2020. Informe da policía local s/sinalización	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Visto o informe presentado pola xefatura da policía local de data 10.02.2020, para cambiar o sentido de circulación da rúa Pancho Eiroa, establecéndoo no sentido da Avda. da Coruña - rúa Enseñanza, para evitar retencións de tráfico na Avda. de Galicia e Avda. de Vigo, no que se indica o seguinte:</p> <p><i>"A xefatura da policía local fai constar: a apertura do aparcamento de Altamira provocou, que de forma habitual e a diferentes horas do día, se produzan importantes retencións na Avda. de Galicia, á altura da confluencia coa Avda. de Vigo e Avda. de Coruña.</i></p> <p><i>Que iso conleva ademais un importante colapso da Avda. de Vigo nas proximidades desa intersección.</i></p> <p><i>Que unha posible solución podería ser aumentar os tempos da fase verde para a Avda. da Coruña na rede semaforica que regula a intersección da rúa Pancho Eiroa coas avenidas de Coruña e Lugo.</i></p> <p><i>Que con motivo das obras realizadas no desvío de orillamar no ano, e despois de cambiar o sentido de circulación en rúa Pancho Eiroa, establecéndoo como Avda. da Coruña- rúa Enseñanza, púidose comprobar que a fluidez da circulación na avenida da Coruña aumentou considerablemente ao incrementarse o tempo da fase verde na Avda. da Coruña.</i></p> <p><i>Por tanto considérase conveniente cambiar novamente o sentido de circulación en rúa Pancho Eiroa, establecéndoo en sentido Avda. da Coruña - rúa Enseñanza, para dese modo evitar retencións de tráfico na Avda. de Galicia e Avda. de Vigo".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o</p>	



informe realizado pola xefatura da policía local para cambiar o sentido de circulación da rúa Pancho Eiroa, establecéndoo no sentido da Avda. da Coruña - rúa Enseñanza, para evitar retencións de tráfico na Avda. de Galicia e Avda. de Vigo.

Expediente 552/2020. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 552/2020.- Conceder a P.S.N., con enderezo a efectos de notificación electrónica en X, titular do DNI nº ***3449**, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para reforma interior e ampliación de baixo cuberta de edificación sita en rúa Faixa nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos M.F., R.A. e A.L. de data xaneiro de 2020. Condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a sesenta e nove mil corenta e oito euros con sesenta e tres céntimos (69.048,63 €).

Expediente 1551/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1551/2018.- Conceder a J.C.C, con enderezo a efectos de notificacións en X, titular do DNI nº ***2975**, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 11, reformar e ampliar unha vivenda sita en Rúa Xielas-Coiro referencia (catastral X), de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto F.B.P. visado o 26.03.2018, coa autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de data 11.03.2018 e a autorización do control arqueolóxico para reforma e ampliación da vivenda por parte de Patrimonio de data 08.02.2019, obrante no expediente. Condicionada a licenza a que, antes do inicio das obras, deberá presentar oficios de dirección de obra e execución e coordinador de seguridade e saúde destas, formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e, rematadas as obras, deberá presentar final de obra e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material das obras ascende vinte e un mil trescentos setenta e cinco euros con corenta céntimos (21.375,40 €).

Acéptase a cesión de 63,50 m2., para ampliación do viario municipal formalizada en data 21.05.2019, perante a notaria M.J.L.E., nº do seu protocolo 320 e fianza para responder das obras de urbanización por importe de dous mil trescentos noventa e un euros con cincuenta e



catro céntimos (2.391,54 €) depositado en Abanca o 23.05.2019.

Expediente 582/2020. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 582/2020.- Autorizar a "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico: X, a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para, en parcela sita en rúa das Laxes, polígono 8 parcela 21 (referencia catastral X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 8,00 metros de lonxitude (expediente Nº D248319120054), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial P.L.A. de data 15 de xaneiro de 2020, coas seguintes condicións:

[1][2][3][4][5]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de novecentos corenta e seis euros con catro céntimos (946,04 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 3002/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3002/2019.- Autorizar a "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico



X, a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para, en parcela sita na Serra Nacente-Darbo (referencia catastral X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 14 metros de lonxitude (expediente nº UD248319020039), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial P.T.B., de data 22 de abril de 2019 e vista a autorización da Xefatura Territorial de Cultura e Turismo de data 10.02.2020, coas seguintes condicións:

[6][7][8][9][10]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos corenta e seis euros con vinte e catro céntimos (346,24 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 544/2020. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 544/2020.- LICENZA DE APERTURA Nº 547/2020.- Aceptar a renuncia da solicitude de licenza obras de adaptación de local e de actividade sito na Avda. de Vigo, nº 14 (solicitada en data 26 de xaneiro de 2020), formulada por H.P.S., en data 3 de febreiro de 2020, deixando esta sen efecto e declarando concluído o procedemento e o arquivo do expediente administrativo de referencia, de conformidade co previsto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o informe do inspector municipal de data 8 de novembro de 2019.



Expediente 4694/2018. Corrección de erros en licenza urbanística		
Favorable	Tipo	de votación:
	Unanimidade/Asentimento	
<p>Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 12.08.2019, relativo ao expediente nº 4694/2018, no que se concede licenza de obras no sentido en que, onde di: "...Conceder a F.J.F.F.", debe dicir: "Conceder a SOCIEDADE PARA INNOVACIÓN E ESTUDO DO SOLO SL", de acordo coa documentación de data 3 de febreiro de 2020.</p> <p>Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, PROPOÑO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:</p> <p>EXPEDIENTE Nº 4694/2018.- Conceder a "SOCIEDADE PARA INNOVACIÓN E ESTUDO DO SOLO SL", con enderezo a efectos de notificación en X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para a construción de oito apartamentos turísticos en Santa Marta-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto J.F.F. asinado o 24.09.2018 e visto o informe previo da Consellería de Cultura e Turismo de data 08.08.2019. Condicionada a licenza a que deberá presentar proxecto de execución visado e oficios de dirección de obra e execución destas, formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e rematadas as obras deberá presentar final de obra e inicio de actividade. O presuposto de execución material das obras ascende a trescentos noventa e seis mil cincocentos corenta e sete euros con corenta céntimos (396.547,40 €).</p> <p>Acéptase a fianza depositada para responder das obras de urbanización en Abanca o 16.07.2019, por importe de catro mil catrocentos trinta e cinco euros con setenta e tres céntimos (4.435,73 €).</p>		

Expediente 7190/2019. Prórroga de licenza urbanística		
Favorable	Tipo	de votación:
	Unanimidade/Asentimento	
<p>EXPEDIENTE Nº 7190/2019 (EXPEDIENTE Nº 26.068.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.963).- Conceder a A.F.S. a prórroga da licenza solicitada número 24.963, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, visto o informe técnico favorable obrante no expediente de 12 de febreiro de 2020.</p>		

Expediente 668/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística		
Favorable	Tipo	de votación:
	Unanimidade/Asentimento	
<p>Vista a proposta de data 06.02.2020 da alcaldía, referente ao expediente nº 668/2020 de</p>		



restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

Resultando que no lugar da Pedreira-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: construción na parcela con referencia catastral nº X, de unha caseta arrimada o lindeiro sen axustarse a C.P. 2695/2019. Así mesmo se instalou un portal con apertura hacia o exterior da propiedade invadindo o espazo público.

Presentado un recurso de reposición fronte á orde de demolición ditada no expediente, este estimouse en canto considerar que o portal instalado se axusta á legalidade urbanística, pero desestimouse en canto á caseta, confirmando a súa demolición o pasado 24.01.2020.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J.F.R. promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un euros e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.F.R. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar na parcela con referencia catastral nº X unha caseta arrimada o lindeiro sen axustarse a C.P. 2695/2019.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2



de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6699/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[[11]][12]][13]][14] Vista a proposta de data 11.02.2020 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 6699/2019 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Con data 2 de decembro do 2019 a Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente sancionador por infracción urbanística a M.T.G.I., por realizar unha piscina de aprox. 13 m²., sen licenza para iso na parcela con referencia catastral X.

Con data 5 de febrero do 2020 a inspección de obras deste Concello emite informe manifestando que:

Consultada a documentación do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 4270/2018 a nome de F.J.R.A., do que resultou o 1686/2019 a nome de M.T.G.I., e finalmente o expediente sacionador que nos ocupa a nome de M.T.G.I., considero que a instalación da caravana así como a construción da caseta e a piscina foi realizada por F.J.R.A.. Xa que el mesmo sinala no seu escrito de alegación do 20.03.2019 nº 3246 ao expediente 4270/2018, 'dicho terreno no soy propietario desde 2017' (achegando escritura). Pero todas estas instalacións xa figuraban nas fotografías aéreas de Google Earth do ano 2013.



Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M.T.G.I., xa que as obras de instalación da caravana, así como a construción da caseta e a piscina foron realizadas por F.J.R.A."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5883/2017. Solicitud de devolución de garantía

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 12.02.2020, referente á solicitude de devolución de garantía, que é como segue:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data de 1 de outubro de 2019 ten entrada polo rexistro municipal, nº 14.038, solicitude de devolución de garantía asinada por C.P.C., en representación de A.G.P., en relación co expediente nº 24.479 (licenza nº 23.807).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 29 de xullo de 2019, outorgouse licenza de primeira ocupación a A.G.P. (Expte. nº 5883/2017).

Terceiro.- Na data de 9 de outubro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di que: 'consultada a contabilidade municipal a día de hoxe, consta o ingreso de garantía en forma de aval a nome de A.G.P., por importe de catro mil trescentos sete euros con corenta e sete céntimos (4.307,47 €), co seguinte texto: 'AVALABANCA. LICENCIA DE OBRAS 24479'.

A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederase á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente'

Cuarto.- En data 8 de novembro de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que: 'Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



O artigo 230 do Decreto 143/2016 establece que a garantía das obras de urbanización.

En sistemas de acción indirecta, o seu promotor, antes do inicio das obras de urbanización, deberá proporcionar ao Concello a garantía do cumprimento exacto das funcións de execución do plan, por un importe do 10% do orzamento de execución material do proxecto.

Esta garantía deberá constituírse a través de calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, a administración actuante beneficiaria dela e deberá presentarse nun prazo máximo de seis meses desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

A garantía non se devolverá nin cancelará ata que, despois de recibir as obras, transcorra un ano de garantía das obras.

O incumprimento do promotor do sistema de obrigas de urbanización, incluso dentro do prazo de garantía, provocará a incautación por parte do Concello da garantía prestada para cumprir as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da potencia que axuda ao Concello a ir contra o promotor no caso de que a garantía non sexa suficiente para cumprir as responsabilidades expostas (artigo 96.4 do LSG).

Durante o período de garantía, o promotor do sistema de acción será responsable dos defectos e defectos de construción que se aprecien e deben ser reparados ou corrixidos.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:



INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Denegar a devolución da garantía depositada por A.G.P., por importe de catro mil trescentos sete euros con corenta e sete céntimos (4.307,47 €), para responder das obras de urbanización derivadas do expediente de obra nº 22.479, polo que se outorgou a licenza de obras nº 23.807 (licenza primeira ocupación X -5883/2017), por non ter transcorrido un ano dende a concesión da licenza de primeira ocupación (29.07.2019).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 14/2020. Proposta da alcaldía para inicio do procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar (SAF)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 13.02.2020, referente ao inicio do procedemento de contratación do Servizo de axuda no fogar (SAF), que é como segue:

"Visto o contrato asinado coa empresa 'IDADES SL', para a prestación do Servizo de axuda no fogar, cuxa vixencia remata o vindeiro 31.08.2020 e considerando que non se dan as condicións idóneas para propoñer a súa prórroga.

Visto que tal e como consta na memoria xustificativa e no informe de insuficiencia de medios asinados pola concelleira de servizos sociais en data 5.02.2020, a contratación externa deste servizo resulta necesaria e ineludible xa que o Concello non dispón dos medios persoais nin materiais precisos.

Polo exposto, propoño á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte:

ACORDO



Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do Servizo de axuda no fogar (SAF).

Segundo.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro.- Que polo interventor se faga a retención de crédito que acredite a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato.

Cuarto.- Que polo departamento de servizos sociais se redacten os pregos de prescricións técnicas (PPT), que rexerán o contrato.

Quinto.- Que se incorporen ao expediente os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP), que han de rexer o contrato e o proceso de licitación.

Sexto.- Que o interventor informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Sétimo.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de benestar social, apoio xurídico e intervención".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 875/2020. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

[[15]][16]][17] Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.R.P., con DNI nº ****8465** e con expediente nº 36008/01/003285 – 72466, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) doce euros con once céntimos/hora (12,11 €/hora).



Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: cero euros/mes (0,00 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 17 de febreiro de 2020.

Expediente 869/2020. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade para concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[18][19][20] Vista a proposta de data 13.02.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade, participación veciñal e transparencia, referente á concesión de axuda de emerxencia social, que é como segue:

*"Dona Victoria Portas Mariño en calidade de concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade, participación veciñal e transparencia do Concello de Cangas, en relación a solicitude de axuda económica de emerxencia social municipal presentada por M.R.M.O., con DNI n^o***3811** e examinado o informe da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos deste concello, proponse a seguinte resolución:*

** Concesión de axuda económica de mil setenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (1075,68 €), para cobertura de necesidades primarias".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 2843/2017. Proposta da alcaldía para prórroga do contrato do servizo de bar-cafetería do centro sociocomunitario

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 13.02.2020 da alcaldía, referente a prórroga do contrato administrativo especial do servizo de bar-cafetería do centro sociocomunitario, que di o seguinte:

*"Visto o contrato asinado o día 01.03.2016 coa empresa 'CRISCAR SOCIEDAD CIVIL', con NIF n^o ****3392*, para a prestación do servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario, cuxa vixencia remata o vindeiro 29.02.2020, sen opción de prórroga.*

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 02.09.2019 referente á aprobación do inicio de expediente de contratación para a prestación do servizo de bar-cafetería no centro socio-comunitario.

Tendo en conta a importancia do servizo contratado e a necesidade de continuar este.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Por todo o que antecede, de conformidade co disposto na Disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e o decreto de delegación de competencias, asinado en data 17 de xullo de 2019, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

*Primeiro.- Prorrogar o contrato administrativo especial de 'Servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario', asinado coa empresa "CRISCAR SOCIEDAD CIVIL", con NIF nº ****3392*, polo tempo imprescindible ata que se adxudique o novo contrato.*

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 847/2020. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade para solicitude de adhesión ao plan termal "Depotermal 2020" da Deputación Provincial de Pontevedra

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a proposta de data 13.02.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente a solicitude de adhesión ao plan termal "Depotermal 2020" da Deputación Provincial de Pontevedra, que é como segue:

"PROPOSTA PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PLAN TERMAL 'DEPOTERMAL 2020' DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Mª Victoria Portas Mariño, concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade do Concello de Cangas,

EXPÓN: que o BOPPO de 11 de febreiro de 2020, publicou a convocatoria para a adhesión dos concellos que así o soliciten ao programa termal 'Depotermal 2020', promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra. Este programa oferta dúas alternativas:

- 1.- Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco días consecutivos.*
- 2.- Programa termal de pernoita en réxime de pensión completa de domingo a venres.*

Entendendo que este programa vense realizando nos últimos anos no Concello de Cangas cunha participación e satisfacción importante entre os/as participantes e que a participación neste programa non leva implícito financiamento por parte do Concello de Cangas.

PROPÓN que se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Cangas coñece e acepta as bases da convocatoria do programa 'Depotermal 2020'.



SEGUNDO.- Que o Concello de Cangas se adhira ao plan 'Depotermal 2020'.

TERCEIRO.- Que o Concello de Cangas acepta as obrigas derivadas desta adhesión coma entidade colaboradora na xestión e no específico:

** que os concellos que se adhiran ao plan actuarán coma entidades colaboradoras na súa xestión e deberán cumprir coas obrigas que se establezan nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

** que esta adhesión supón a obriga de rexistrar cada solicitude das persoas empadroadas no formulario web, que a Deputación Provincial habilitará para que cubran as e os profesionais responsables dos concellos, segundo o establecido na base oitava desta convocatoria.*

** que así mesmo, deberán determinar as usuarias e usuarios que se beneficiarán daquelas prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, o que se acreditará mediante unha valoración social da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais, de acordo co establecido na base oitava das bases".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 663/2020. Proposta da concelleira de educación e xuventude para solicitude de axuda para o programa de acción voluntaria a entidades locais enmarcadas no Programa Voluntariado Sénior 2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[21]/[22]/[23]/[24]/[25] Visto o disposto na Orde da Consellería de Política Social do 8 de xaneiro de 2020, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no 'Programa voluntariado sénior' e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS508C).

Visto que o Concello cumpre cos requisitos que se especifican na orde citada e estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, estar a o día coas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e estar ao día das obrigas coa Consellería da Facenda da Xunta de Galicia.

Visto o proxecto redactado pola técnica municipal, denominado 'Programa senior; voluntariado' + 'Prevención de incendios e educación ambiental', para conservar os bosques autóctonos e preservar o noso patrimonio natural, previr os incendios e as súas consecuencias, exercitar a solidariedade e cooperación como valor na sociedade, estimular a participación activa das persoas maiores de 55 anos na vida sociocultural da vila como factor de cohesión colectiva e riqueza persoal, sensibilizar á sociedade do valor e necesidade da participación do voluntariado na súa comunidade, facilitar a incorporación dos/das interesados/interesadas en colaborar de forma altruísta en proxectos sociais e responder as inquiredas e intereses individuais, crear unha rede de solidariedade no ámbito sociocultural da vila, educar en coidado e protección medioambiental e transmitir os valores de identidade rural a outras xeracións.



Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado 'Programa sénior voluntariado' + 'Prevención de incendios e educación ambiental', cun orzamento total de dous mil catrocentos euros (2.400,00 €).

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social, ao abeiro da Orde 8 de xaneiro de 2020, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no 'Programa voluntariado sénior', e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, unha axuda polo importe de dous mil catrocentos euros (2.400,00 €).

Terceiro.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total de execución prevista.

Cuarto.- Declarar que para esta mesma actuación que se solicita, non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 15/2020. Proposta da alcaldía para inicio do procedemento de contratación do servizo de balizamento, vixilancia e socorrismo en praias

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 13.02.2020 da alcaldía, referente ao inicio do procedemento de contratación do "Servizo de balizamento e vixilancia e socorrismo en praias", que di o seguinte:

"Visto o informe de planificación de medios para a campaña de salvamento 2020, asinado o día 14.01.2020 por C.C.P., como responsable do Servizo municipal de protección civil.

Visto o informe emitido en data 30.01.2020 pola concelleira de servizos, enerxía e turismo, no que pon de manifesto a insuficiencia de medios municipais, tanto persoais como materiais, para a prestación do servizo de balizamento e vixilancia e socorrismo en praias.

Vista a memoria asinada por C.C.P., na que xustifica a necesidade de proceder á contratación do servizo mediante os seguintes lotes:

Lote 1: *Servizo de balizamento de praias, por importe anual de trinta e oito mil cen euros/ano (38.100,00 €/ano), co IVE incluído.*

Lote 2: *Servizo de socorrismo e vixilancia de praias, por importe anual de cento dez mil euros/ano (110.000,00 €/ano), co IVE incluído.*

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do 'Servizo de balizamento e socorrismo e vixilancia nas praias do Concello de Cangas'.

SEGUNDO.- Encomendar ao empregado municipal C.C.P., as tarefas que sexan necesarias realizar en Capitanía Marítima, para a elaboración dun novo plan de usos da lámina de auga, das zonas de praia que estean balizadas, así como, a redacción dos pregos técnicos (PPT), que han de rexer o servizo que se contrata en cada lote.

TERCEIRO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

CUARTO.- Que se incorpore ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer o contrato e procedemento de licitación.

QUINTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

SEXTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto.

SÉTIMO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de secretaría, intervención, apoio xurídico e Protección Civil".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 664/2020. Proposta da concelleira de educación e xuventude de solicitude á Consellería de Política Social, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2020, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades locais de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS320C)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[26][27][28][29][30] Vista a proposta de data 07.02.2020 da concelleira de educación e xuventude, referente a solicitude de subvención á Consellería de Política Social para a realización do "Programa voluntariado xuvenil", que é como segue:

"Visto o disposto na Orde da Consellería de Política Social do 7 de xaneiro de 2020, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades locais de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no 'Programa voluntariado xuvenil' e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS320C).

Visto que o Concello cumpre cos requisitos que se especifican na orde citada e estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, estar a o día coas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e estar ao día das obrigas coa Consellería da Facenda da Xunta de Galicia.

Visto o proxecto redactado pola técnica municipal, denominado, proxecto 'SÚMATE, Grupo Xuvenil+Ti', co obxecto de manter e ampliar creado no 2019, un pequeno grupo de xóvenes



voluntarios/voluntarias que traballan como patrulla de actuación na vida cultural, lúdico-educativa e social da vila. O 'Grupo Xuvenil +Ti', son mediadores e mediadoras entre Concello e entidades locais e a poboación xuvenil de Cangas.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobado o proxecto denominado proxecto 'SÚMATE, Grupo Xuvenil+Ti', cun orzamento total de catro mil oitenta euros (4.080,00 €).

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2020, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades locais de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no 'Programa voluntariado xuvenil' e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS320C), unha axuda polo importe de catro mil oitenta euros (4.080,00 €).

Terceiro.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total de execución prevista.

Cuarto.- Declarar que, para esta mesma actuación que se solicita, non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6590/2019. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural para prórroga das licenzas municipais de venda ambulante 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

[31][32][33][34][35] Vista a proposta de data 13.02.2020 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para a anualidade 2020, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2020

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67, de 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación, previa solicitude do interesado, por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2019, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2020 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento, que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.



III.- *Comprobada a documentación presentada polos interesados, dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2020 das licenzas municipais de venda ambulante, das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.*

IV.- *Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.*

Á vista do anteriormente exposto, propoño a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- *Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2020, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:*

- Ref: 1. M.S.K.G.
- Ref: 7. M.A.F.B.
- Ref: 20. P.E.M.
- Ref: 45. A.E.G.
- Ref: 53. M.S.F.
- Ref: 111. J.M.M.Q.
- Ref: 137. M.L.D.
- Ref: 141. S.J.F.
- Ref: 169. Ú.P.P.

CAMBIOS TITULARIDADE

- Ref: 38. E.E.J. - E.L.S.(Cambio do posto solo dos martes)

Segundo.- *Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 7131/2019. Bases para adxudicación de instalacións de tempada nas praias de Cangas-2020 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[36][37][38][39][40][41] Visto o escrito de data 14.02.2020 da alcaldía, referente ás bases para adxudicación de instalacións de tempada nas praias de Cangas-2020, que é como segue:

"Bases adxudicación instalacións de tempada nas praias de Cangas 2020

Vista a circular recibida do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, con data do 14.12.2019, onde se indican as bases e criterios a ter en conta para a elaboración e



explotación das instalacións de tempada (quioscos de praias e outros), xunto coa documentación a presentar, para a ocupación do dominio público marítimo terrestre (publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web).

Vistas as solicitudes presentadas no Concello de Cangas que cumpren co publicado no Bando da Alcaldía do 19 de decembro de 2019 onde se indican os requisitos para a concesión de instalacións de tempada no dominio publico marítimo terrestre.

Visto que para un mesmo lugar hai máis de 1 solicitude presentada, acórdase que, por medio dos seguintes criterios, resolverase a adxudicación da instalación solicitada.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes para as instalacións de tempadas (quioscos de praias) 2020, onde haxa máis de 1 solicitude para un só quiosco, remitirán ao Concello, no prazo que se estableza e en sobre pechado, a plica para participar neste concurso, segundo as condicións que se indican. Na comunicación informarase do día, hora e lugar para apertura das plicas.

A cualificación da documentación e o exame e valoración das ofertas presentadas corresponderalle á mesa de contratación formada por:

O alcalde do Concello, e, como suplente, o tenente-alcalde.

O concelleiro de obras e deportes, e, como suplente, a concelleira de desenvolvemento.

O secretario do Concello, e, como suplente, un funcionario do departamento de secretaría.

A selección das plicas presentadas efectuarase mediante procedemento aberto, sendo a forma de adxudicación a de concurso público, aplicándose os seguintes criterios de valoración:

- 1) Experiencia do licitador na prestación do servizo que se licita no termo municipal de Cangas en anos anteriores (ata 40 puntos) (antigüidade).*

Deberá acreditarse mediante a presentación de certificado da autorización/s outorgadas polo Servizo Provincial de Costas en anos anteriores ou polo Concello de Cangas. Puntuarase con 5 puntos por ano/tempada de experiencia ata un máximo de 40 puntos.

- 2) Pola calidade das instalacións que se propoñan e polos servizos que oferte ás praias, así como, o proxecto de xestión e explotación dos quioscos durante o tempo de adxudicación deste (ata 10 puntos).*

Acreditarase mediante a presentación dunha memoria-proxecto explicativa das características da instalación. Valorándose o que signifique mellora do mínimo establecido (dimensións, materiais empregados para a súa construción, deseños, etc., e xustificativa do servizo de abastecemento, saneamento e electricidade a instalar). Valorándose o que signifique mellora dos mínimos e normas técnicas fixadas polo Concello, principalmente naquilo que supoña melloras hixiénico-sanitarias, condicións medioambientais e estéticas, facendo constar mediante valoración técnica ou presupostos os investimentos a realizar, medidas que favorezan a accesibilidade ás instalacións a persoas con mobilidade reducida, ornamentación exterior prevista, colaboración con actividades programadas polo Concello, etc.



Concello de Cangas

10 PUNTOS

- 8 PUNTOS POR QUIOSCO MADEIRA, CHAPA*
- 1 PUNTOS POR COLECTORES, PAPELEIRAS RECICLAXE*
- 1 PUNTO POR ACCESIBILIDADE*
- 0,5 PUNTOS POR BOTIQUÍN*
- 0,5 OUTRAS MELLORAS A CONSIDERAR*

3) Licitación. Pola maior cantidade ofertada, aparte do canon a pagar ao Servizo Provincial de Costas e a licenza temporal do Concello (Ata 50 puntos).

50 PUNTOS

$$\text{Puntuación} = \frac{\text{Cantidade ofertada (por m}^2\text{)} \times 50 \text{ (puntos máximos)}}{\text{Cantidade máxima ofertada (por m}^2\text{)}}$$

0 puntos: mínimo

50 puntos: máximo

Cantidade máxima ofertada: a máis alta utilízase como coeficiente máximo.

No caso de empate de puntuación, resolveríase tendo en conta a puntuación dos factores seguindo a orde na que están presentados: 1, 2 e 3. No caso de empate final, por sorteo.

Non hai tipo mínimo de licitación.

Non se fixa tipo de licitación, pero os adxudicatarios deberán pagar, aparte do ofertado na plica, o canon que fixará o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e no prazo que este servizo obrigue e dar cumprimento ás obrigas fiscais e económicas que sexan esixibles pola prestación de servizos públicos municipais e/ou devengo de feitos impositivos de natureza tributaria local. En concreto, os que resulten adxudicatarios, deberán aboar a taxa de licenza de actividade, que ascende a cento setenta e catro euros con trinta e tres céntimos (174,33 €).

No caso de incumprimento dos requisitos, condicións, criterios destas bases e da normativa da concesión fixadas polo Concello e polo Servizo Provincial de Costas, ou incumprimento dos prazos establecidos para calquera dos pagos obrigados (canon Costas, taxas concello, plica licitada, etc.), pasaría a concesión ou autorización ao seguinte solicitante (prazo para pago de canon e plica ofertada: 10 días despois da adxudicación e recibida a notificación correspondente)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, toma coñecemento e acorda aprobar as bases transcritas anteriormente, para adxudicación de instalacións de tempada nas praias de Cangas para a anualidade 2020.

Expediente 527/2020. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade s/inicio do expediente para nova licitación do servizo de desinfección, desinsectación e desratización do Concello de Cangas (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Vista a proposta de data 14.02.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente ao inicio de expediente de contratación para prestación do "Servizo de prevención e control da lexielose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Cangas", que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE, FEMINISMO E SANIDADE RELATIVA AO INICIO DE EXPEDIENTE CONTRACTUAL DO CONTRATO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE CANGAS

*Visto o contrato asinado o día 07.05.1992 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria 'NOGAL RIOSAN SL', con NIF nº ****1961*, para a prestación do "Servizo de desinfección, desinsectación e desratización".*

Dou traslado a Xunta de Goberno Local e propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Iniciar o expediente para a nova licitación do 'Servizo de desinfección, desinsectación e desratización do Concello de Cangas'.

Segundo.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación, con especial atención ás cláusulas sociais para os efectos de favorecer a inserción sociolaboral de persoas en situación de exclusión social, así como, de persoas con dificultades de empleabilidade e de persoas con diversidade funcional, a promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da accesibilidade.

Cuarto.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Quinto.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto.

*Sexto.- Prorrogar o contrato existente con 'NOGAL RIOSAN SL', con NIF nº ****1961*, ata a formalización do novo contrato derivado da presente licitación e como máximo ata o 1 de xullo de 2020.*

Sétimo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención, apoio xurídico e ao responsable do contrato".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850